

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE XULLO DE 2022.

ASUNTO:

APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2022. (EXPTES.- 2022048342-2022048057).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2022, asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 19 de xullo de 2022, e na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2022. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/22), por importe de 13.780,00 euros, suplementos de créditos (SUP.04/22), por importe de 270.000,00 euros e modificación do “Anexo II das bases de execución”.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- *Crédito extraordinario (EXT. 04/22), con baixas por anulación correspondentes a previsión para “Convenios con Universidades, Proxectos Transfronteirizos” da aplicación 22/942-9431-454.94, con destino ao convenio/subvención nominativa con IGADI (Instituto Galego de Análises Documental Internacional (G36741049), actividade: “A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia” .*
- *Os suplementos de créditos (SUP. 04/22), na súa totalidade con baixas das aplicacións 22/240-2410-489,02/2021 e 22/457-4500-208,00, sendo ditos créditos reducibles sen supoñer unha perturbación nos correspondentes servizos.*



Resultando que a Intervención emite informe de data 19 de xullo de 2022, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2022.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2022 da Deputación de Pontevedra, este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/22), por importe de 13.780,00 euros, suplementos de créditos (SUP.04/22) por importe de 270.000,00 euros, e baixas por anulación que os financian por importe de 283.780,00 euros . O Detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 04/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9431-489,01	A FAMILIAS E ENTIDAES SEN FINS DE LUCRO_ COOPERACIÓN [Subvención nominativa con IGADI (Instituto Galego de Análises Documental Internacional (G36741049), actividade: "A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia"]	13.780,00 €
	Total créditos extraordinarios...	13.780,00 €

Financiamento do expediente de créditos extraordinarios 04/22:

O convenio/subvención con IGADI (Instituto Galego de Análises Documental Internacional), financíase con baixas da aplicación 22/942-9431-453,94, ditos créditos estimase reducible sen perturbación dos respectivos servizos.

Contabilizándose as seguintes operacións:



BAIXAS POR ANULACIÓNS:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9431-453,94	UNIVERSIDADES PROXECTOS TRANSFRONTEIRIZOS_COOPERACIÓN.	-13.780,00 €
	Total baixas por anulaci3ns...	-13.780,00 €

2. Suplemento de crédito "SUP. 04/22":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
330-3340-226,32	GASTOS DIVERSOS, PROGRAMA DE TEATRO_CULTURA (Tornar ás Táboas)	25.000,00 €
330-3340-226,33	GASTOS DIVERSOS, PROGRAMA DE CINE_CULTURA (Cine-m3bil musicalizado)	245.000,00 €
	Total suplementos de cr3ditos...	270.000,00 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Cr3ditos 04/22:

O expediente fin3nciase con sobrantes/baixas das aplicaci3ns 22/240-2410-489,02/2021 e 22/457-4500-208,00, sendo ditos cr3ditos reducibles sen supoñer unha perturbaci3n nos correspondentes servizos.

Contabiliz3ndose as seguintes operaci3ns:
BAIXAS POR ANULACIÓNS:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2410-489,02/2021	A FAMILIAS, "O TEU PRIMEIRO EMPREGO, EMPRESAS"_FOMENTO DE EMPREGO	-110.000,00 €
457-4500-208,00	ARRENDAMENTO DE OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL_ARQUITECTURA	-160.000,00 €
	Total baixas por anulaci3ns...	-270.000,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	270.000,00 €
TOTAL CR3DITOS EXTRAORDINARIOS...	13.780,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACI3N...	-283.780,00 €
SUMA...	0,00 €

O Resumo das modificaci3ns por cap3tulos son as seguintes:


Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.....	110.000,00 €
Capítulo 4º Transferencia correntes.....	-110.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	0,00 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo e modificando como subvención nominativa do Servizo Cooperación, a seguinte:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO	Obxecto e finalidade
22/942-9431-489.01	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_ COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA	13.780,00 €	
G-36.741.049	IGADI (Instituto Galego de Análises Documental Internacional).	13.780,00 €	"A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia"

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 04/2022 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/22), por importe de 13.780,00 euros e suplementos de créditos (SUP.04/22) por importe de 270.000,00 euros, máis as modificacións do "Anexo II" das Bases de execución do orzamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo."

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 19 de xullo de 2022, e na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, obtendo o seguinte resultado:



- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2022, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do grupo provincial do Partido Popular e do BNG.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

